

A nosa vida...en positivo? III

Voluntariado social en adolescentes



MEMORIA DE AVALIACIÓN

ACTIVIDADES 2015

2 de DECEMBRO

ASOCIACIÓN PARA A PREVENCIÓN DA EXCLUSIÓN SOCIAL. PROGRAMA "VOLUNTARIADO DESDE DENTRO".

11 h. CSC DAS FONTIÑAS

Alumnado de 4º de ESO

14 DE DECEMBRO.


LONGAMETRAXE "CAMBIA DE PAPEL" E COLOQUIO A CARGO DE NOELIA DARRIBA MEMBRO DA ONG "IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO" E DE ATALAIASOCIAL.

12:45 IES ANTONIO FRAGUAS

Alumnado de Bacharelato

Esta memoria foi realizada por:

- ✦ **Eva María González Santiago**; traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **María Jesús Viqueira Pérez**; traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **Margarita Vázquez Teo**; educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **María Dolores Sanz Lobo**; orientadora do IES Antonio Fraguas.





Índice

	Páxs.
✚ Presentación	5
1. O proxecto "A nosa vida..., en positivo?" estaba fundamentado en	6
2. E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos	22
3. O desenvolvemento do proxecto	24
3.1.- O inicio	25
3.2.- A "fase PRE"	27
3.2.1.- A organización	27
3.2.2.- A difusión do proxecto	28
3.3.- A "fase DURANTE"	28
4. A avaliación de resultados	30
4.1.- Como se fixo a avaliación?	31
4.2.- Avaliación cuantitativa	34
4.3.- Avaliación cualitativa	36
4.4.- Grao de consecución de obxectivos	43
4.5.- Suxestións para vindeiras edicións	45
5. A modo de resume	48
6. Anexos	52
6.1.- A actividade en imaxes	53
6.2.- Os soportes documentais	62

A nosa vida...en positivo? III

Vulnerabilidade social en adolescentes



ACTIVIDADES 2015

2 de DECEMBRO

ASOCIACIÓN PARA A PREVENCIÓN DA EXCLUSIÓN SOCIAL. PROGRAMA "VOLUNTARIADO DESDE DENTRO".

11 h. CSC DAS FONTEIÑAS

Alumnado de 4º de ESO

14 DE DECEMBRO.

LONGAMETRAXE "CAMBIA DE PAPEL" E COLOQUIO A CARGO DE NOELIA DARRIBA MEMBRO DA ONG "IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO" E DE ATALAIASOCIAL.

12:45 IES ANTONIO FRAGUAS

Alumnado de Bacharelato



Presentación

Dando un paso mais nas intervencións comunitarias, o IES Antonio Fraguas, o Programa Municipal Socioeducativo e a UTS Fontiñas (pertencentes estes dous últimos dispositivos aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), decidimos aunar esforzos para deseñar e implementar o proxecto “A nosa vida..., en positivo?: vulnerabilidade social en adolescentes e mozos; reflexións técnicas”. Unha experiencia, cun enfoque preventivo, coa que se quere traballar con alumnado do IES Antonio Fraguas (Secundaria e Bacharelato) temas da vida cotiá, relacionados con dificultades que poden atopar no proceso de crecemento persoal. Consideramos que a información é a ferramenta básica para as persoas, que as pode orientar na toma de decisións, e isto é o que se pretende:

- ... que as rapazas e rapaces saiban que toda persoa é titular de dereitos, pero tamén de obrigas, e que isto é básico para vivir en familia e para vivir en comunidade.*
- ... que os nosos actos teñen sempre consecuencias, unhas positivas, e outras, non tanto...*
- ... e que os erros tamén se poden reconducir, dependendo sempre da nosa vontade.*
- ... E, por último, lembrar que acabamos de conmemorar o Día Internacional dos Dereitos do Nen@, que supón un pulo á infancia, motivo polo cal o Concello de Santiago de Compostela amosa o seu firme compromiso con tódalas accións encamiñadas ao benestar dos mais novos do noso municipio, porque vós sodes o futuro.*

Vexamos nas seguintes páxinas o desenvolvemento do proxecto...



I.- O proxecto "A nosa vida..., en positivo?"
estaba FUNDAMENTADO...



Dende hai xa dezasete anos, as entidades socioeducativas do barrio de Fontiñas, adoptamos unha perspectiva de traballo coordinado, en rede, que non obviou a esfera asistencial (de cobertura de necesidades básicas e de facer efectivos os dereitos constitucionais que asiste a cada cidadán), pero que incide nos ámbitos preventivos e de integración.

No traballo comunitario levado a cabo, tivo especial incidencia a intervención co colectivo

infantoxuvenil, polas circunstancias sociais¹ que caracterizaban á zona, e co obxectivo claro de tentar mellorar as situacións familiares e as circunstancias sociais que afectaban a este grupo de idade. Liñas de intervención dirixidas a frear o absentismo escolar e a mellorar a convivencia nas familias e no contorno comunitario foron os piares que sostíñan as xuntanzas de barrio. Pero en Fontiñas,



nos vintedous anos de existencia, as características sociais do barrio experimentaron notables cambios. Segue tendo unha pirámide poboacional xove (aínda que menos), na que o reemprazo xeracional está garantizado, pero o colectivo de persoas maiores irrompe con forza no espectro social, cunha tendencia á alza. As condicións xeográficas do barrio e a configuración urbanística son as que condicionaron e seguen condicionando a realidade social; Fontiñas caracterízase pola súa accesibilidade; aínda que todo é susceptible de melloras, si se pode afirmar que É un dos barrios que conta con maiores elementos e factores que facilitan a vida de calquera persoa que presente limitacións ou dificultades de mobilidade.

¹ Ao longo desta andadura, realizáronse tres estudos e diagnósticos comunitarios co fin de coñecer a realidade social do barrio, unha detección precoz de necesidades, un rexistro de recursos e un priorización de liñas de intervención.

O primeiro deles, que data do ano 2000, reflectía unha poboación nova, moi nova, que se contraponía cun municipio galego que, como a maioría, se viña caracterizando por un avellentamento progresivo. Así, o evidenciaba un 25 % de poboación pertencente ao colectivo infantil e un 1,5 % de poboación maior de 65 anos. Moitas variables sustentaban esta realidade: un barrio aínda novo, con unidades de convivencia nas que os cabezas de familia contaban cunha idade que oscilaba entre os 30 e os 40 anos, familias numerosas (relacionado coa adxudicación de vivendas de promoción pública), etc.

Doce anos despois, no 2012, a realidade poboacional xa mudara dun xeito importante (II Diagnóstico Comunitario do barrio de As Fontiñas). A porcentaxe dos menores seguía sendo importante pero baixara ao 17,5 % e, pola contra, a dos maiores, se incrementara ao 11 %. E esa tendencia á baixa tamén se confirma no III Diagnóstico Comunitario, onde podemos constatar que os menores representan o 15,7 % da poboación de dereito do barrio e os maiores xa supoñen o 14,2 %. Estes datos desglósanse polo miúdo a continuación.

Mais información na rede comunitaria do barrio de Fontiñas, na web www.compostelaintegra.org




Gráfico nº 1: Distribución da poboación do barrio de Fontiñas pola variable idade.

Retomando a idea expresada do párrafo anterior, o reemprazo xeneracional segue estando garantizado ao alcanzar o colectivo dos mais novos o 15,7 % da poboación e o dos maiores, o 14,2 %, existindo unha diferenza entre ambos de tan só o 1,5 %.

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, xullo, 2015.

Os datos a nivel cuantitativo podemos visualizalos nas seguintes táboas:

Táboa nº 1: Distribución da poboación por colectivos de idade.

	Nº	% V
MENORES DE EDAD²	1513	15,7%
XOVES³	1202	12,5%
ADULTOS⁴	5520	57,5%
PERSONAS MAIORES⁵	1371	14,2%
TOTAL	9606	100,0%

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, xullo 2015.

² O concepto de menor de idade é un concepto xurídico relativo. Menor de idade é a persoa que non alcanzou a maioría de idade, entendendo esta desde o Dereito como o momento da incorporación das persoas á plenitude da vida xurídica con plena capacidade de obrar nos campos civil-administrativo, político, laboral e penal. Dentro desta vida xurídica nos atopamos cunha dobre dimensión deste concepto, por unha parte a Constitución Española no art. 12 di «Os españois son maiores de idade aos 18 anos». Tamén no Código Civil, o art. 315 di «A maioría de idade comeza aos 18 anos cumpridos». Non é así noutros ámbitos como o penal ou o laboral, onde se establece a maioría de idade aos 16 anos. No documento que se está a elaborar, tomarase o establecido na Carta Magna e no Código Civil.

³ A clasificación ou definición seguindo criterios meramente temporais ou cronolóxicos mostrase hoxe en día arbitraria e insuficiente, xa que a xuventude é un proceso que engloba aspectos como a madurez física, social e psicolóxica da persoa, a educación, a incorporación ao mercado laboral, a autonomía e a independencia que poden conlevar a formación dun novo núcleo familiar, así como a construción dunha identidade propia que son dificilmente clasificables en apartados cronolóxicos. Ademais, o concepto xuventude defire dun país a outro e mesmamente dun contexto socioeconómico a outro. Non obstante no documento que se está a elaborar vaise seguir, con matices, o establecido pola Organización Mundial da Saúde no ano 2000, considerando como «xuventude plena», o período temporal comprendido entre os 19 e os 29 anos.

⁴ Etapa da vida comprendida entre os 30 e os 64 anos de idade.

⁵ A terceira idade comeza, socioloxicamente, aos 65 anos de idade; é previsible que o retraso da idade de xubilación vaia introducindo paulatinamente variacións neste concepto. A maior esperanza de vida existente no día de hoxe, fai que xa falemos de «cuarta idade», como as persoas maiores de 80 anos.



Táboa nº 2: Desglose da poboación residente en Fontiñas por franxas de idade e por sexo.

	HOMES			MULLERES			TOTALS	
	Nº	% V	% H	Nº	% V	% H	Nº	% V
Menos de 6 anos	168	4%	54%	145	3%	46%	313	3%
De 6 a 12 anos	284	6%	51%	271	5%	49%	555	6%
De 13 a 16 anos	208	5%	51%	202	4%	49%	410	4%
De 17 a 18 anos	115	3%	49%	121	2%	51%	236	2%
De 19 a 29 anos	591	13%	49%	611	12%	51%	1202	13%
De 30 a 39 anos	714	16%	50%	727	14%	50%	1441	15%
De 40 a 64 anos	1808	41%	44%	2271	44%	56%	4079	42%
De 65 a 79 anos	444	10%	44%	554	11%	56%	998	10%
De 80 ou mais	120	3%	32%	253	5%	68%	373	4%
TOTAL	4452	100%	46,3%	5154	100%	53,7%	9606	100%

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, xullo, 2015.

Fontiñas, un barrio aínda novo, pero cunha importante traxectoria vital, esixe ás entidades socioeducativas da zona unha “parada no camiño”, na que se puidera reflexionar sobre a realidade social do barrio, cales son as súas necesidades actuais, cales son as súas potencialidades (que tamén as hai) e cales son as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia. Realízase así, por parte da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios), o *III Diagnóstico Comunitario*⁶ da zona (ano 2015), contando coa estreita colaboración de tódalas entidades educativas, sanitarias e sociais do barrio, e dando cumprimento ao establecido no art. 11.b da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: a elaboración dun plan de intervención comunitario, acorde coas necesidades detectadas no diagnóstico social.

⁶ Pódese visualizar e consultar o Diagnóstico Comunitario de Fontiñas na web municipal www.compostelaintegra.org



Gráfica nº 2: A realidade social no barrio de Fontiñas.




Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2015.


Non corresponde a este documento realizar unha reprodución da análise social realizada no III Diagnóstico Comunitario (para mais información, remitirse ao mesmo), pero si convén dar unhas pequenas pinceladas do mesmo, dado que o seu contido é o que fundamenta o deseño e a implementación dos proxectos de intervención comunitaria. Así, na seguinte imaxe ofrécese unha síntese da análise poboacional, das necesidades sociais e das situacións carencias detectadas:



Gráfica nº 3: Radiografía social no barrio de Fontiñas.



Para traballar con esta realidade social:




Importante dotación de recursos...

Fonte: III Diagnóstico Comunitario do Barrio de As Fontiñas (ano 2015). Elaborado pola UTS Fontiñas e o Programa municipal socioeducativo (ambos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).

E, en consecuencia, impleméntase un traballo integral a nivel comunitario, baseado na intervención conxunta, en rede, respectando as características de cada servizo, pero buscando ao mesmo tempo as sinerxias e os puntos de encontro que permitan buscar obxectivos comúns e compartir estratexias de traballo:



Gráfica nº 4: A intervención comunitaria no barrio de Fontiñas.




Fonte: III Diagnostico Comunitario. UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios), xullo 2015.



A pesar do traballo realizado, non exento de logros, si houbo casos (evidentemente os menos, e en cifras, pouco significativos) nos que rapazas e rapaces se “*quedaron no camiño*”; adolescentes que, froito das súas circunstancias, remataron en centros de reeducación ou, incluso, que na súa maioría de idade, en centros penitenciarios. Tentando frear a prevalenza destas problemáticas sociais, nestes dezasete anos, se deseñaron e implementaron varios proxectos de intervención:

Gráfica nº 5: **A programación comunitaria no barrio de Fontiñas.**



Nota: As actuacións que figuran en negra, sen especificar data, é que están viventes na actualidade e que se repiten no tempo.



E con estes proxectos pretendíase traballar, basicamente, tres aspectos:

Gráfica nº 6: Eixes que inspiraron a intervención comunitaria en Fontiñas no periodo temporal 1998-2014.



Fonte: UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), ano 2015.

Pero para traballar dun xeito global a convivencia (tanto a nivel intrafamiliar como no contorno educativo e social) hai outro aspecto que non debe ser obviado: a igualdade de xénero; constitúese como un factor primordial para garantir a dignidade da muller e a súa estabilidade persoal, así como camiñar en prol de facer realidade unha comunidade e unha sociedade máis igualitaria e xusta. Este debe ser un dos elementos transversais permanentemente presente nas intervencións educativas e sociais.

Chegados a este punto, faise necesario recoñecer a presenza deste eixe no noso traballo. Así pois nesa gráfica anterior que reflicte que as intervencións socioeducativas se baseaban en tres piares básicos (solidariedade, atención á diversidade e convivencia) incorpórase un cuarto elemento, non menos importante, “a igualdade de xénero”, como peza básica para contribuir ao desenvolvemento persoal exento de riscos, a estabilidade emocional, a igualdade efectiva nunha sociedade máis xusta en definitiva, a facer efectivos os dereitos constitucionais que asisten a cada persoa.



Gráfica nº 7: Eixes que inspiran a intervención comunitaria no ano 2015.



Fonte: UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), ano 2015.

Non hai que esquecer que os fins da intervención comunitaria non deben ser exclusivamente asistencialistas (si ben hai que traballar para a cobertura das necesidades básicas da cidadanía), senón que debe dar un paso adiante, incidindo na prevención, como veremos máis adiante, e na integración no contorno comunitario (non dende a asimilación senón dende a pertenza a un barrio, dende a convivencia positiva da súa veciñanza, respectando as diferenzas de cada quen).

Polo tanto, nesta nova edición de “A nosa vida... en positivo?” trataremos de conxugar por unha banda, as peticións dos participantes en edicións anteriores, trasladadas nas diferentes avaliacións dos proxectos comunitarios previos, que demandan a continuidade destas accións, e por outra banda, as reflexións dos profesionais desta rede que vemos a importancia de incorporar outros aspectos, como pode ser nesta ocasión, o de igualdade e prevención da violencia de xénero. A forma habitual de traballar a partir de modelos de avaliación participativa, permítenos coñecer opinións, intereses e inquedanzas dos participantes. Tratar de darlles unha resposta, con novas edicións de proxectos comunitarios é intervir con rigor e tecnicamente. Este é o caso, por exemplo do abuso de



substancias, traballándoo dende unha óptica non teórica, senón recollendo experiencias vitais, como xa foi traballado no proxecto comunitario “A nosa vida..., en positivo?”, 1ª ed.”

Ademais deste aspecto, este curso iniciamos como novidade o traballo sobre igualdade de xénero, unha temática diferente das habituais neste proxecto, pero que emerxe como un elemento potente de vulnerabilidade da nosa mocidade. A detección e prevención de situacións de machismo, así como o feito de poder contar coa información e a formación necesarias, son as bases para seguir a loitar contra a lacra que supón a violencia de xénero. A incorporación deste tema ás propostas comunitarias xurde a partir das reflexións do equipo de profesionais desta rede:


- ❏ A situación de alarma social pola violencia de xénero aumenta. Os datos son realmente preocupantes; o tratamento nos medios de comunicación, sensacionalista e inadecuado ás veces; as iniciativas nas redes sociais tratan de abrir pequenas xanelas de protesta e concienciación... e nós queremos aportar o noso gran de area!
- ❏ Dende o equipo comunitario, no que hai unha presenza importante de mulleres e unha clara sensibilidade cara estes temas, por razóns persoais e profesionais, perfílase como unha necesidade. Son problemáticas que se abordan dende cada un dos nosos contornos de traballo: familiar, educativo, sanitario, social... Facelo agora nun proxecto común implica visibilizalo e poñelo en valor. Tratar a igualdade de xénero desde esta óptica multiprofesional e con este enfoque comunitario, de conxunto, pon claramente a énfase na prevención e na importancia de alertar ó noso colectivo de menores.
- ❏ Como xa dixemos, é certo que nas avaliacións do alumnado non se propón como unha actividade, unha inqueda ou un interese, o cal dá que pensar. É probable que perciban a violencia de xénero como unha situación moi afastada da súa realidade e que non sexan conscientes das múltiples situacións de desigualdade que se viven no día a día, dos innumerables micromachismos que acontecen e que por hábito van xerando adaptación e crenza de que iso é o normal. Por iso, neste caso a proposta vai xurdir precisamente dende os e as profesionais da rede, porque a detección desta necesidade, non sentida polos rapaces e rapazas como tal, si o é para todos nós.

O ámbito educativo, a través do IES Antonio Fraguas e coa incorporación dos CEIP Fontiñas e CEIP Monte dos Postes, é copartícipe de tódalas accións comunitarias que afectan ao colectivo infanto-xuvenil. Así, é preciso facer as seguintes consideracións con respecto á posta en marcha desta proposta, pois son moitos os aspectos que unha actividade formativa destas características pode desenvolver.



En primeiro lugar, e a nivel xeral, todos aqueles elementos relacionados co proxecto educativo do centro (PEC) como son a mellora da convivencia, a apertura ó contexto, a realidade plural e multicultural, etc, integrados nunha forma ampla e flexible de entender a educación en valores. Algúns deles quedan reflectidos na figura seguinte.

Gráfica nº 8: Trazos definitorios do IES Antonio Fraguas.



Fonte: *Trazos de identidade do IES Antonio Fraguas* (Proxecto Educativo, Plan de Convivencia), 2013.

Ademais, dende o Departamento de Orientación, catalizador e dinamizador de moitas das propostas de tipo colaborativo no centro, e de traballo en rede no barrio, séguese un modelo de intervención sociopsicopedagóxico que ten a prevención mediante programas, como una liña habitual de actuación nos diferentes ámbitos que abrangue.

Gráfica nº 9: Ámbitos de intervención do Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas.


Fonte: Departamento de Orientación IES Antonio Fraguas, ANO 2013





Gráfica nº 10: Plan de Acción Titorial do IES Antonio Fraguas.

É por isto que tanto no Proxecto Educativo, como no Plan de Acción Titorial e no Plan de Convivencia cobran sentido as sinerxías que se establecen cando falamos de cuestións como: a educación do alumnado como persoas e como futuros cidadáns, e por suposto, a información e a formación cara situacións de vulnerabilidade. Sen esquecer, certamente, as reflexións técnicas e morais que aos profesionais poden suscitarlos. A cuestión de xénero emerxe como un tema transversal de especial relevancia en tódolos ámbitos da comunidade educativa, pero que merece ter tempos e espazos específicos para non verse diluído como ás veces sucede con determinados aspectos da transversalidade: como é de todos termina non sendo de ningún.



Fonte: Departamento de Orientación IES Antonio Fraguas, ANO 2013

O marco legal educativo precisa a necesidade de poñer en marcha proxectos e medidas que aseguren a igualdade. Así, no *Decreto 8/2015* que desenvolve a *Lei 4/2011 de 30 de Xuño de Convivencia e Participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, di claramente que a convivencia nos centros debe orientarse “a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas”(Art. 3) e máis adiante indica a propósito do Plan de Convivencia que debe “facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas” (Art. 12). No Art. 21 falando de “Accións preventivas e medidas para a mellora”, indícase que se inclúan “actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero”. A isto habería que engadir razóns concretas dende o ámbito educativo, especificamente do IES Antonio Fraguas:



1. Traballo sobre coeducación e igualdade de xénero é un dos obxectivos fundamentais nos diferentes plans e documentos do IES, Antonio Fraguas, pero moi especialmente no Plan de Acción Titorial (PAT) e no Plan de Convivencia. Así mesmo, dende o Departamento de Orientación insítese ó longo destes anos na súa importancia e na necesidade de pasar dunha declaración de intencións sobre o papel á práctica, sendo para isto fundamental a realización dun conxunto de actividades e talleres que poñan á comunidade educativa e moi especialmente ó alumnado en situación de reflexionar.
2. Cóntase cunha ampla traxectoria de actuacións preventivas ó longo de diferentes cursos: Talleres, charlas sobre violencia de xénero, propostas de traballo do equipo de Mediación como a exposición “trapos sucios e trapos limpos”, Taller de TV e vídeo “Fraguando a diversidade”, por citar algunhas.
3. Ten participado en actividades de formación específicas para toda a comunidade educativa: familia, profesorado e alumnado, como Os III Encontros de Mediación que tiveron como eixe este tema.

Ben, pois tendo presente todo isto, dende a UTS Fontiñas (Concellería de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde) e o IES Antonio Fraguas, contando coa colaboración das restantes entidades do barrio e recollendo ese “*testigo*” lanzado polo propio alumnado, preténdese levar a cabo novamente o proxecto formativo “**A nosa vida..., en positivo?; 3ª ed.**”, dirixido basicamente a adolescentes, con idades comprendidas entre os 12 e o 16 anos, coa finalidade de traballar con eles (dun xeito educativo dinámico e aberto) aspectos inherentes a situacións de vulnerabilidade ou de risco social, conxugados con reflexións técnicas e aplicacións prácticas.

Gráfica nº 12: Fins da intervención comunitaria.

Este proxecto, cun claro enfoque preventivo, enmarcaríase nas seguintes liñas de intervención:

- ✦ **Liña nº 6 do III Diagnóstico Comunitario:** Deseño e implementación de proxectos de prevención de condutas asociadas.
- ✦ **Liña nº 11 do III Diagnóstico Comunitario:** Actividades de convivencia comunitaria.



Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela, 2015.

Sería un proxecto que se fundamenta tanto en aspectos vinculados á prevención primaria como secundaria.

No primeiro dos casos (prevención primaria) as accións formativas que se leven a cabo teñen como obxecto a prevención da aparición de condutas antisociais en poboación que aínda non presenta esta problemática; serían actividades dirixidas a adolescentes, en xeral, que pretenden asegurar o seu normal desenvolvemento.

No segundo (prevención secundaria), diríxese a adolescentes que amosan algún signo de condutas disruptivas e preténdese minguar factores de risco.


Este proxecto tamén se liga cos contidos establecidos nas liñas de actuación municipais de prevención de drogas. Así, neste eido, hai un ámbito referido á prevención comunitaria, tendo como destinatarios á totalidade da poboación, tratando de favorecer a integración social de todas as persoas. A actuación comunitaria é unha estratexia metodolóxica que busca comprometer e coordinar a todos os colectivos que forman a comunidade e que, entre todos, se poidan realizar aportacións na prevención de drogodependencias.



Gráfica nº 13: A repercusión social dos proxectos comunitarios.



Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2015.



II.- E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos...




II.1.- Dirixidos aos adolescentes:

- 📖 Aprender a exercer os dereitos de forma responsable, respectando sempre o que está “ao teu carón”.
- 📖 Poñer de manifesto as consecuencias, dende un punto de vista legal e práctico, de determinadas condutas.
- 📖 Fomentar a participación dos adolescentes na vida comunitaria.
- 📖 Desenvolver consciencias críticas sobre o seu modo de actuar e proceder.
- 📖 Achegar situacións que propicien a reflexión sobre os beneficios que supón, socialmente, unha educación igualitaria.

II.2.- Dirixidas a persoal técnico do ámbito socioeducativo:

- 📖 Reflexionar sobre os beneficios que supón, socialmente, unha educación igualitaria.
- 📖 Fortalecer as pontes entre a institución escolar e a comunidade.
- 📖 Seguir a consolidar o traballo en rede iniciado no ano 1998.



Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2015.



III.- O desenvolvemento do proxecto...



III.1.- O INICIO.

A idea inicial de deseñar e levar a cabo de novo o presente proxecto xurdiu nunha xuntanza de barrio, dados os resultados acadados nas anteriores edicións (cursos académicos 2013-2014 e 2014-2015). As **actuacións** son as seguintes:

1. **Charla-obradoiro que versa sobre a experiencia vital dun recluso dentro do proxecto “Voluntariado desde dentro”** dirixido a alumnado de 4º da ESO do IES Antonio Fraguas (idade: 16 anos): 100 alumnos aproximadamente e 12 profesores.

Esta actividade estará implementada pola **Asociación para a Prevención da Exclusión Social (A.P.E.S.)**. Esta asociación implementa proxectos, dende a óptica de traballo en rede, que pon de manifesto a importancia da implicación da comunidade nos procesos de reinserción social das persoas que se atopan cumprindo unha condeá; pero tamén leva a cabo accións preventivas, coa finalidade de formar cidadáns e cidadás comprometidos socialmente e afastados de todo comportamento de risco. No deseño e xestión dos seus proxectos están presentes tres servizos:

- 📖 *O penitenciario e legal*, a través da intervención con persoas incluídas en procesos penais.
- 📖 *A prevención de condutas predelictivas na infancia e na xuventude*, ampliando o campo de actuación ao ámbito escolar e comunitario, no marco dun programa de prevención de comportamentos de risco antisocial.
- 📖 *A inclusión social* de colectivos vulnerables.

E todo isto coa permanente presenza de diferentes valores: **igualdade de oportunidades, confianza mutua, compromiso social, respecto á persoa e cohesión social** (traballo en rede).

2. **Obradoiro sobre “As mulleres como motor de cambio”**. A actividade corre a cargo de Noelia Darriba, membro da ONG “Implicadas no Desenvolvemento” e de Atalaya social. Este obradoiro está dirixido a alumnado de Bacharelato. Participarán sobre 30 alumnos e alumnas e profesorado de Filosofía que xa ten colaborado e participado estreitamente noutras edicións de A nosa vida en positivo. A actividade constará de dúas partes:

A).- Visionado da LONGAMETRAXE “CAMBIA DE PAPEL”⁷

⁷ A longametraxe está dirixida e producida por **María Reimóndez** (fundadora de “Implicadas no Desenvolvemento”, escritora e experta en enfoque de xénero), **Luís Tosar** (actor, socio e colaborador de Implicadas dende 2008) e **Kutti Revathi** (escritora, cineasta, editora da revista feminista Panikkudam e da publicación sobre cinema feito por mulleres Kannadi, colaboradora asidua en proxectos de Implicadas).



B).- Coloquio

A recente experiencia da ponente na India brindará ademais a posibilidade de compartir vivencias co alumnado.

Esta actividade estará implementada por Atalaya Social e pola ONG “Implicadas no Desenvolvemento”; esta última é unha organización crítica e feminista de cooperación ao desenvolvemento fundada en 1998; basea o seu traballo na procura da igualdade de xénero como piar para o desenvolvemento humano. Implicadas entende o traballo contra a pobreza como un exercicio de responsabilidade da cidadanía do Norte en busca de espazos para que a cidadanía do Sur, e en concreto as mulleres, poidan tomar decisións sobre as súas vidas.

Por outra banda, ATALAYA SOCIAL é unha empresa dedicada á implementación de proxectos socioeducativos en diferentes centros e entidades da xeografía galega. Teñen unha ampla experiencia en programas de diversas temáticas pero sempre cunha especial sensibilidade cara ó

traballo desde a perspectiva de xénero. A reportaxe “Cambia de Papel” exerce unha mirada afastada do típico documental xornalístico ou informativo. Nesta peza fílmica fálase dos múltiples papeis que as persoas desenvolvemos nas nosas vidas e de como o cambio, sobre todo nas condicións máis difíciles, fai que tamén se produza unha transformación no mundo que nos rodea. As protagonistas de ‘Cambia de Papel’ falan da súa vida cotiá, do seu día a día, sen ningún tipo de dramatismo.



FICHA TÉCNICA:

Título: Cambia de papel. Non ficción / 38:18 min / HD / 2013.

Dirixido por: María Reimóndez, Kutti Revati e Luis Tosar. *Produción executiva:* Luis Tosar e María Reimóndez.

Música: Piti Sanz. *Montaxe:* Jorge Coira e Alicia Arias.

Animación: Raquel Sánchez. *Cámara:* Luis Tosar, Kutti Revati, Santhosh e Jenny.

Postproducción: María Platas e Borja Pozueco.

Idioma orixinal: Galego e Tâmil.

Subtítulos: Galego.

Ano: 2013 // *Estrea:* 9 de abril 2013. CGAC, Santiago de Compostela.

Producido por: Implicadas, Filmanova, PDI e Zircozine



A longametraxe está dirixida e producida por María Reimóndez (fundadora de Implicadas no Desenvolvemento, escritora e experta en enfoque de xénero), Luís Tosar (actor, socio e colaborador de Implicadas dende 2008) e Kutti Revathi (escritora, cineasta támil, editora da revista feminista Panikkudam e da publicación sobre cinema feito por mulleres Kannadi, colaboradora asidua en proxectos de Implicadas).

III.2.- A FASE PRE.

III.2.1.- A organización.

Para concretar esta idea procedeuse a unha distribución de “papeis”:

- **Elaboración do proxecto:** a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas e das traballadoras sociais da UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela). Incorpóranse aportacións realizadas pola educadora social municipal e polo técnico municipal de prevención, para vincular o contido deste proxecto con este programa.
- **Contacto con ONG “Implicadas no desenvolvemento”:** a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas.
- **Contacto APES:** a cargo de coordinadora da Fundación Secretariado Gitano, orientadora do IES Antonio Fraguas e traballadoras sociais da UTS Fontiñas.
- **Xestión dos espazos e equipamentos:**
 - Centro Sociocultural das Fontiñas: a cargo das traballadoras sociais da UTS Fontiñas.
 - IES Antonio Fraguas: a cargo da orientadora do devandito centro.
- **Cartel para a difusión:** elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas.
- **Impresión do cartel:** Os carteis para o día da xornada serán a cargo das traballadoras sociais e da orientadora do IES Antonio Fraguas.
- **Deseño da folla de avaliación** a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas e das traballadoras sociais da UTS Fontiñas.



- **Impresión da folia de avaliación** a cargo das traballadoras sociais da UTS Fontiñas.
- **Financiación do proxecto**, a cargo do Programa municipal de Promoción de Hábitos de Vida Saudables (Concellería de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde).
- **Elaboración da memoria**: a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas, das traballadoras sociais da UTS Fontiñas e da educadora social (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).

III.2.2.- A difusión do proxecto.

- 1) Difusión a través das redes telemáticas, tanto a do IES Antonio Fraguas (www.edu.xunta.es/centros/iesantoniofraguas/), á do Concello de Santiago de Compostela (www.santiagodecompostela.org) como á que engloba redes comunitarias na que se atopa a de Fontiñas (www.compostelaintegra.org).
- 2) Considerouse procedente utilizar xa o cartaz da anterior edición do proxecto, como sinal identificativo do mesmo, lembrando que foi elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas.

III.3.- A FASE DURANTE

A implementación deste proxecto concreouse en dúas fases, claramente diferenciadas:



Táboa nº 3: Actividades do Proxecto “A nosa vida..., en positivo?”, 3ª ed.

ACTIVIDADES	DATAS	LUGAR DE IMPLEMENTACIÓN	DESTINATARIOS
<p>Charla-obradoiro que versa sobre a experiencia vital dun recluso dentro do proxecto “Voluntariado desde dentro”. Impartido por: Asociación para a prevención da Exclusión Social.</p>	<p>2 de decembro de 2015, de 11 a 12.30</p>	<p>Centro Sociocultural das Fontiñas</p>	<ul style="list-style-type: none">  Alumnado de 4º da ESO do IES Antonio Fraguas: aproximadamente 100 alumnos.  Profesorado do devandito alumnado.  Técnicos das entidades da rede comunitaria do barrio de Fontiñas.
<p>Obradoiro sobre “As mulleres como motor de cambio”, da ONG “Implicadas no desenvolvemento”: A experiencia da India. Visionado da reportaxe “Cambia de papel”; dinámica de traballo.</p>	<p>14 de decembro de 2015, de 12,45 a 14,25 horas.</p>	<p>IES Antonio Fraguas.</p>	<ul style="list-style-type: none">  Alumnado de Bacharelato do IES Antonio Fraguas: aproximadamente 30 alumnos.  Profesorado de Filosofía do devandito centro educativo.  Técnicos das entidades da rede comunitaria do barrio de Fontiñas.

Fonte: Datos extraídos do cómputo de alumnado e profesionais participantes. Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (estes dous últimos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).



IV.- A avaliación dos resultados



